

CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN GALICIA OBRA SOCIAL PARA A REALIZACIÓN DO XX PREMIO DE POESÍA AFUNDACIÓN.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Universidade

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral de Cultura ten previsto formalizar coa Fundación Galicia Obra Social o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A colaboración coa Fundación para a realización do XX Premio de Poesía Afundación.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

O premio ten entre os seus obxectivos a promoción e difusión da creación literaria en lingua galega, en particular da poesía, xénero que precisa un maior apoio editorial. Alén disto, se ben a poesía, en comparación coa narrativa, é un xénero minoritario, serve de alicerce para a consolidación da renovación estética e contribúe á normalización da lingua.

O Premio de Poesía Afundación é un dos poucos premios de poesía en lingua galega que se celebran na actualidade. Comezou a súa andaina no ano 2002, a iniciativa do Centro PEN de Galicia e Afundación. Logo de máis de 15 anos de traxectoria, constitúe na actualidade unha cita de referencia na axenda cultural galega.



De acordo coa planificación estratéxica realizada pola Secretaría Xeral de Cultura, para o ano 2022 e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, a sinatura deste convenio encádrase dentro dos previstos neste plan, nos que non é posible promover a concorrencia, polas especiais características da entidade coa que se convenia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

